



**Resolución do 24 de agosto de 2021, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se designa a comisión de valoración do concurso específico para a provisión dun posto de traballo vacante na Fiscalía Provincial de A Coruña.**

De conformidade co artigo 526 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificado pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro; coa Resolución do 12 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se modifica a relación de postos de traballo das oficinas fiscais da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia; co artigo 50 do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro; e mais coa Resolución do 10 de xuño de 2021 pola que se convoca concurso específico para a provisión dun posto de traballo vacante na Fiscalía Provincial da Coruña,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Designar os membros da comisión de valoración do concurso específico de méritos para a provisión dun posto de traballo vacante na Fiscalía Provincial da Coruña, de conformidade coa base quinta da mencionada resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 10 de xuño de 2021 (DOG núm. 114, do 17 de xuño).

**Comisión de valoración titular:**

**Presidenta:**

- María Dolores Sáez Madrid, funcionaria do grupo A1 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

**Vogais:**

- María del Carmen Iglesias Rodríguez, funcionaria do grupo A1 destinada no Servizo de Xustiza da Delegación Territorial de Vigo.

- Cesar Domínguez Nocelo, funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa destinado no Servizo de xustiza da Delegación Territorial de Ourense.

**Secretario:**

- Ana María Arias Graña, funcionaria do grupo A2 destinada na Dirección Xeral de Xustiza.





**Comisión de valoración suplente:**

**Presidente:**

- Rafael Juanatey Mayán, funcionario do grupo A1 destinado na Dirección Xeral de Xustiza.

**Vogais:**

- Ángel Pérez de León, funcionario do grupo A1 destinado no Servizo de Xustiza da Delegación Territorial da Coruña.

- Alejandro Fontela Pereira, funcionario do grupo A1 destinado no Servizo de Xustiza da Delegación Territorial de Lugo.

**Secretaria:**

- María Campoy de la Torre, funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa destinada na Dirección Xeral de Xustiza.

**Segundo.** Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE*

O director xeral de Xustiza  
Juan José Martín Álvarez

